



# E-DIXITALIZACIÓN

# FÍSICA

MANUAL  
DE USO

Paula Álvarez Lavandeira  
Educación Física 6º E.P.




## Índice

<b>1. Comezamos!</b>	<b>3</b>
<b>2. Mans á obra</b>	<b>4</b>
<b>3. Pasos a seguir</b>	<b>5</b>
<b>4. Descargables de patios deportivos</b>	<b>5</b>
<b>5. Queres valorar a túa experiencia?</b>	<b>6</b>
<b>6. Fin da unidade</b>	<b>6</b>
<b>7. Guías de uso</b>	<b>6</b>
<b>8. Atención á diversidade</b>	<b>7</b>
<b>9. Avaliación</b>	<b>7</b>

## 1. Comezamos!

**Comezamos!** é a primeira páxina que atoparemos ao acceder a o recurso de “**Patios Deportivos**”.

Navengado por esta primeira páxina poderíamos atopar todo o necesario para levar a cabo a as actividades. Mais a idea é que podamos ir descubrindoas pouco a pouco.



Incorporáronse á imaxe uns números para facilitar a súa explicación.

O **número 1** indícanos o título desde proxecto

O **número 2** é o menú principal do proxecto. Picando en cada lapela descubriranse distintas actividades relacionadas co proxecto. As veremos máis adiante.

Picando na icona a carón do **número 3** ocultaríase o menú

Por outra banda, picando na icona **número 4** pasaríamos á páxina seguinte.

Finalmente, o **número 5** dá acceso a esta barra de accesibilidade grazas á cal



a persoa usuaria do recurso poderá cambiar aspectos esenciais para a súa correcta visualización. Por exemplo, cambiando a fonte da letra, o tamaño, ou unha lectura guiada do que se atopa na pantalla.


**Estes cinco elementos estarán presentes en todas as páxinas do recurso.**

Como pode percibirse na primeira imaxe, a lapela “**Comezamos!**” ten como protagonista un vídeo que servirá para introducir ao alumnado na situación de aprendizaxe que van desenvolver.

Tamén encabeza as distintas lapelas do proxecto que serán presentadas a continuación.

## 2. Mans á obra

Nesta segunda lapela o alumnado terá que navegar por unha presentación sobre como se senten nos seus recreos, o seu coñecemento sobre distintos deportes, a diferenciación de prácticas deportivas ou antideportivas e a xestión das emocións.



### 3. Pasos a seguir

Unha vez que o alumnado resolveu as distintas actividades propostas na presentación e coñeceu o rexistro de xestión emocional que poden empregar sempre que o precisen, estarían preparados para comezar o proxecto dentro da súa escola.

Non sen antes consultar a lista interactiva de tarefas, dentro da lapela de “pasos a seguir” para que non se lles esqueza nada.



### 4. Descargables de patios deportivos

Dentro dos pasos a seguir o alumnado poderá ver que precisar certos documentos para a promoción, inscrición, toma de nota de resultados e posteriores diplomas das persoas participantes nas xornadas de patios deportivos.

Estes documentos poderán ser cubertos en liña, nos seus ordenadores ou imprimíndoos de maneira tradicional.

Nesta lapela, atoparán todos eses documentos que precisan.



## 5. Queres valorar a túa experiencia?

A quinta lapela da ferramenta transmítelle ao alumnado, de forma máis precisa, todos aqueles obxectivos que se quixeron conseguir coas xornadas. O alumnado poderá valorar en que medida se conseguiron ou non foron alcanzadas.

Para lear a cabo esta recollida de información creouse unha rúbrica que servirá como autoavaliación da actitude mostrada por parte do alumnado e como avaliación da eficacia do propio proxecto.

Actividade: Patios deportivos Data: \_\_\_\_\_  
Nome: \_\_\_\_\_ Puntuación: 7.5 (9/12)

Axuda a mellorar a experiencia de patios dinámicos

	4 Funciona	3 Necesita algunha mellora	2 Precisa moitas melloras
<b>Esfuerzo constante, automotivación, regulación da impulsividade e frustración</b>	O alumnado estivo contento durante todo o tempo que duraron os patios deportivos (2) <input type="checkbox"/>	O alumnado non sempre se mostrou contento durante as xornadas (1) <input type="checkbox"/>	As xornadas non conseguiron que o alumnado quixese participar (0) <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Identificación, expresión positiva e xestión das propias emocións</b>	O alumnado cada vez poido xestionar mellor as súas emocións, tanto positivas como negativas (2) <input type="checkbox"/>	O alumnado non mellorou na identificación e xestión das súas emocións (1) <input checked="" type="checkbox"/>	O alumnado non foi quen de xestionar as súas emocións (0) <input type="checkbox"/>
<b>Habilidades sociais</b>	Molto alumnado de distintos cursos interactuaron de maneira asertiva durante as xornadas (2) <input checked="" type="checkbox"/>	Máis alumnado do habitual interactuou de maneira asertiva durante as xornadas (1) <input type="checkbox"/>	A interacción entre o alumnado non mellorou (0) <input type="checkbox"/>
<b>Resolución de conflitos</b>	Todos os conflitos solucionáronse mediante o diálogo, a empatía e o consenso (2) <input checked="" type="checkbox"/>	Alguns conflitos solucionáronse mediante o diálogo, a empatía e o consenso (1) <input type="checkbox"/>	Ningún conflito se solucionou de boas maneiras (0) <input type="checkbox"/>
<b>Identificar condutas contrarias á convivencia e abordalas</b>	Todo o alumnado soubo identificar condutas contrarias á convivencia e as abordou positivamente (2) <input checked="" type="checkbox"/>	Case todo o alumnado abordou positivamente condutas contrarias á convivencia (1) <input type="checkbox"/>	Ningún abordou positivamente as condutas contrarias á convivencia (0) <input type="checkbox"/>
<b>Desenvolver a empatía na práctica motriz</b>	Todo o alumnado mostrou empatía ante as distintas capacidades físicas (2) <input checked="" type="checkbox"/>	Case todo o alumnado mostrou empatía ante as distintas capacidades físicas (1) <input type="checkbox"/>	Ningún mostrou empatía ante as distintas capacidades físicas (0) <input type="checkbox"/>

Ilustración 1 Exemplo de rúbrica cuberta

## 6. Fin da unidade

Baixo a frase “Volve sempre que queiras!” remata a unidade presentando un vídeo de despedida que invita a realizar as xornadas sempre que o alumnado así o desexe.

## 7. Guías de uso

A última lapela da ferramenta *Exe-learning* inclúe as 3 guías de uso nas que se basea o presente proxecto.

**1. E-dixitalización Física** é a guía didáctica que contextualiza, xustifica e afonda nos obxectivos desta ferramenta.

**2. Manual de uso** é o presente documento no que se presenta toda a ferramenta dixital e os seus diferentes contidos



**3. Multimedia referenciada** é unha taboa que contén todos os elementos multimedia (imaxes, sons, vídeos...) coa súa licencia de autoría para ser empregados nesta ferramenta.



## 8. Atención á diversidade

Para garantir que todo o alumnado, independentemente das súas características, capacidades e necesidades, poda participar na organización e xestión das xornadas de patios deportivos tómaronse as seguintes medidas:

- **Barra de accesibilidade** para cambiar a fonte, tamaño da letra e lectura guiada da pantalla.
- **Información** en diferentes formatos: imaxe, vídeo e audio.
- **Enunciados claros**, sinxelos e curtos.
- **Organización**, actividades grupais.

## 9. Avaliación

A antepenúltima lapela da ferramenta Exe-learning funciona como avaliación do proxecto. Esta presenta unha rúbrica que pode ser cuberta polo alumnado ou profesorado para avaliar a eficacia do proxecto levado a cabo na súa escola.

Ademais, algunhas das actividades suxeridas durante o proxecto contan coa súa propia autoavaliación.